

Os bolseiros participan no campus de verán de Basquet Coruña

A REFINERÍA BOLSA A NOVOS DE DOWN CORUÑA PARA O CAMPUS DE BASQUET

- **Repsol, Básquet Coruña e Down Coruña manteñen un convenio de colaboración desde 2011 para que o Campus sexa inclusivo.**
- **O Campus Milenium cumpre 21º edicións e inclúe diversas actividades recreativas e ao aire libre que se desenvolven do 27 de xuño ao 8 de xullo.**

A Refinería de Repsol bolsa a oito novos de Down Coruña para que asistan ao Campus Milenium 2016 que organiza Basquet Coruña. Esta actuación busca potenciar a integración de mozas con discapacidade a través de actividades deportivas e enmárcase dentro do Plan Anual de Integración para Persoas con Capacidades Diferentes do complexo industrial.

O director da Refinería, Luís Felipe Llamas, o presidente de Down Coruña, Manuel Álvarez, e o presidente de Basquet Coruña, Juan Carlos Fernández, renovaron o convenio de colaboración que as tres entidades manteñen desde o ano 2011. O complexo industrial de Repsol entregou nestes cinco anos case 50 bolsas para que mocidade con discapacidade poidan gozar do campus, que o club de baloncesto organiza na época estival.

O campus de verán

O XXI Campus Milenium está a desenvolverse desde o 27 de xuño ata o 8 de xullo e poden participar nenos e nenas desde 5 anos ata novos de 15 anos. O obxectivo é que se divirtan e aprendan, organizados por grupos de idade e niveis homoxéneos.

Cada xornada consta de catro bloques de actividade. Dous deles son de baloncesto, distribuídos en horario de mañá e tarde, con contidos de aprendizaxe no primeiro caso e de carácter máis lúdico ao final do día.

Os outros dous bloques son de actividades ao aire libre, para as que o Club Básquet Coruña buscou o apoio do tecido deportivo da cidade -clubs e asociacións-, de modo

que sexan eles os que impartan as sesións. Os participantes puideron desenvolver Escalada coa Agrupación de Montañeiros Independente, Piragüismo coa Sociedade Deportiva As Xubias; Karts a través de Xira Galega Karting; Rugby co CRAT A Coruña, Esgrima no Club Esgrima Coruña, natación na piscina de Riazor e Patinaxe a través de Alquimia Inline, entre outros deportes, aos que se sumaron tamén xornadas especiais con excursión dun día completo.